

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 04.07.2016 Hora: 10:00

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de xullo de 2016, ás **10:00 horas**, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula una prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero

1.1 46949 (09/PPL-000041)
Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 668, do 01.07.2016

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Javier Dorado Soto	P
Secretaria	
María Remedios Quintas Álvarez	S

Vogais

María Carmen Acuña do Campo	S
María Carmen Gallego Calvar	S
Elena Cruz González Sánchez	P
Jaime Íñiguez Martínez	P
María Consuelo Martínez García	M
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Rosa Oubiña Solla	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Eva Solla Fernández	AGE

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2016

Hora: 10:00

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula una prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2016

Hora: 10:00

Orde do día

1.1 46949(09/PPL-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 602, 17.02.2016

Publicación da toma en consideración, 649, 25.05.2016

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, 651, 31.05.2016

Publicación de emendas ao articulado, 662, 21.06.2016



(Texto para Comisión)

**PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE CREA E REGULA UNHA
PRESTACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER PERIÓDICO PARA AS
MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

**Proposición de lei: BOPG núm. 602, do 17.02.2016
Emendas: BOPG núm. 662, do 21.06.2016
Informe da Ponencia: BOPG núm. 668, do 01.07.2016**

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº1, de Substitución.

Débese substituír o Título da Lei polo que segue a continuación:

"Lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero".

TRANSACC.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Substitución.

Débese substituír o título da Lei polo seguinte:

"Lei para a modificación da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para regular unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero e trata de mulleres con fins de explotación sexual."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto regular unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia machista.

2. A finalidade desta prestación é outorgar apoio económico ás mulleres que sofren violencia machista para lles garantir unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 1. *Obxecto*

Artigo único. *Modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, queda modificada como segue:

Un. A alínea f) do artigo 3 queda redactada como segue:

“f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.”

Dous. O artigo 39 queda redactado como segue:

“Artigo 39. *Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero*

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.

2. A Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases

reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), Violencia física, b), Violencia psicolóxica, e f), Trata de mulleres e nenas, do artigo 3."

Tres. A disposición adicional cuarta queda redactada como segue:

"Disposición adicional cuarta. *Información ao Parlamento*

1. O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

2. Do mesmo xeito, o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero."

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº2, de Substitución.

Debese substituír o artigo 1, polo que segue a continuación:

"Artigo 1. *Modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, queda modificada como segue:

Un. A alínea f) do artigo 3 queda redactada como segue:

"f) A trata de seres humanos con fins de explotación sexual, cando as vítimas sexan mulleres e nenas."

Dous. O artigo 39 queda redactado como segue:

"Artigo 39. *Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero*

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela

unha relación de dominación e a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.

2. A Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), b) e f) do artigo 3.

Tres. A disposición adicional cuarta queda redactada como segue:

1. O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coa achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

2. Do mesmo xeito, o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero."

TRANSACC.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

Débase substituír o texto do artigo 1 polo seguinte

"1. Esta lei ten por obxecto regular a prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero, para que poida ser solicitada en calquera momento do ano.

2. A finalidade desta prestación consiste, por unha banda, en proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, para propiciar a independencia económica respecto do agresor, e, por outra, en crear unha liña diferenciada de axudas económicas para as mulleres obxecto de trata para fins de explotación sexual."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación.

Modificar no punto 1 do artigo 1 o seguinte contido:

Onde di: "...prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia..." debe dicir: "...prestación económica de carácter periódico para as persoas que sofren violencia..."

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación.

Modificar no punto 2 do artigo 1 o seguinte contido:
Onde di: "...é outorgar apoio económico ás mulleres que sofren violencia machista..." debe dicir: "...é outorgar apoio económico ás persoas que sofren violencia machista..."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Adición.

Engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 1),
que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1 bis. *Ámbito de aplicación*

As medidas previstas nesta lei serán aplicables a todas as
mulleres que vivan, residan, traballen ou sexan explotadas
sexualmente en Galicia, declaradas como vítimas de violencia
de xénero os seus fillos ou fillas, tamén vítimas, e a todas
aquelas persoas dependentes delas vítimas tamén directa ou
indirectamente."

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Adición.

Engadir un novo artigo 1 bis) co seguinte texto:

"Artigo 1 bis, de modificación do punto 3.f) da Lei 11/2007.

O artigo 3.f) da Lei 11/2007 pasa a ter a seguinte redacción:

f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual,
segundo define o Protocolo de Palermo a trata de persoas."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

RETIRADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, de Adición.

Engadir un novo artigo 1 ter) co seguinte texto:

"Artigo 1 ter, de adición da alínea g bis) ao artigo 5 da Lei 11/2007.

O artigo 5 da Lei 11/2007 pasa a incorporar unha nova alínea:
g bis) Informe dos corpos e forzas de seguridade do Estado
que indique a situación de vítima de trata."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Adición.

Engadir un novo artigo 1 quater) co seguinte texto:

"Artigo 1 quáter, de modificación do punto 2 do artigo 39 da Lei 11/2007.

O artigo 39.2 da Lei 11/2007 pasa a ter a seguinte redacción:

2. Esta prestación, salario da liberdade, aboarase periodicamente e estará habilitada ao longo de todo o ano para a súa solicitude, e a resolución terá efectos desde a data da presentación da solicitude."

INFORME DA PONENCIA:

MANTENSE O TEXTO DO PROXECTO

EMENDAS PRESENTADAS:

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Adición.

Engadir un novo artigo 1 quinquies) co seguinte texto:

“Artigo 1 quinquies, polo que se engade un artigo 39 bis á Lei 11/2007.

Artigo 39 bis. *Prestación periódica para mulleres vítima da trata*
1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual.

2. Esta prestación aboarase periodicamente a todas as mulleres vítimas de trata, logo da acreditación da situación segundo as formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007 e tanto que contén cunha autorización de residencia como que se atopen na tramitación dela.”

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 2. *Requisitos das solicitantes*

1. Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria:

a) Ser muller vítima de violencia machista nunha relación de convivencia e de dependencia económica. Estas condicións serán acreditadas por parte dos servizos sociais, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

b) Ter cesado a convivencia co agresor con anterioridade á data de presentación da solicitude.

c) Estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

d) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que estes sexan de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor, acreditada ante os servizos sociais. En todo caso, considerarase que concorre a dita circunstancia cando se dispoña de rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Para os efectos de determinar este requisito, teranse en conta exclusivamente as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante da prestación, sen que se computen para estes efectos as rendas ou ingresos doutros membros da unidade familiar que convivan coa vítima. Exclúense, en todo caso, do cómputo:

– As rendas individuais do agresor.

– A vivenda habitual da vítima.

Reglamentariamente, determinarase o cómputo doutras rendas percibidas de organismos públicos ou do sistema da Seguridade Social, así como os rendementos do patrimonio distintos da vivenda habitual.

2. Os requisitos deberán ser acreditados na data da solicitude, así como durante o período en que se perciba a prestación.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 2.
(**Sen contido**).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº3, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 2."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 1.a), de Modificación.

Modificar na aliña a) do punto 1 do artigo 2, o seguinte contido:
Onde di: "a) Ser muller vítima de violencia de xénero..." debe dicir: "a) Ser persoa vítima de violencia de xénero..."

PENDENTE

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado 1.b), de Substitución.

Débese substituir o texto do apartado 1.b) polo seguinte:

"b) Ter cesado a convivencia co agresor con anterioridade á data de presentación da solicitude ou precisar da concesión da axuda para poder cesar a dita convivencia. Neste último caso, será necesario informe dos servizos sociais que acredite esta circunstancia."

PENDENTE

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº2, ao apartado 1.c), de Supresión.

Débese suprimir no apartado 1.c) a seguinte expresión:

"...e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 1.c), de Modificación.

Modificar na aliña c) do punto 1 do artigo 2 o seguinte contido:
Onde di: "...e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso..." debe dicir: "...e, no caso das persoas estranxeiras, ter permiso..."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 1.d), de Adición.

Engadir no segundo parágrafo da aliña d) do punto 1 do artigo 2, o seguinte contido:
Despois de: "...dispoña ou poida dispoñer a" débese engadir: "persoa"

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 3. *Incompatibilidades*

1. A prestación social regulada nesta lei será incompatible con calquera outra establecida polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou por calquera entidade privada destinada ao mesmo fin.

2. Regulamentariamente, determinaranse as condicións para a compatibilidade con outras prestacións e axudas ou subsidios públicos que establecen límites de percepción de ingresos para a súa concesión, así como coa renda activa de inserción.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 3.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº4, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 3."

PENDENTE -Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº3, de Substitución.

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Regulamentariamente, determinaranse as condicións para a compatibilidade con outras prestacións e subsidios ou axudas públicas únicas ou periódicas. Para tal fin, determinaranse límites económicos do total das axudas concedidas e a súa relación coa percepción económica da muller vítima de violencia de xénero.

Esta circunstancia será revisable ao longo do cobramento da prestación. As ditas revisións serán, do mesmo xeito, reguladas."

RETIRADA -Do G.P. Socialistas de Galicia.



Emenda nº7, ao apartado 1, de Supresión.

Suprimir o punto 1 do artigo 3.

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 4. *Natureza e contía da prestación económica*

1. A prestación económica estará destinada directamente á beneficiaria e terá unha duración máxima de dezaioito mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

No caso de que as circunstancias económicas, así como a especial vulnerabilidade por non ter acadado a independencia económica plena respecto do agresor, poderase conceder unha prórroga por un máximo de seis meses, logo do informe dos servizos sociais correspondentes e verificación da persistencia das circunstancias e da situación económica da beneficiaria.

2. A contía da prestación será variable e calcularase en función das rendas e ingresos da solicitante na data de presentación da solicitude desta axuda.

Regulamentariamente, estableceranse as contías para cada ano, tendo en conta, en todo caso, as seguintes regras:

1ª) No caso de que os ingresos da solicitante sexan iguais ou inferiores ao IPREM vixente en cada ano, a contía mínima será idéntica ao salario mínimo interprofesional (SMI), e poderá ser incrementada cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, ou unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 20 % adicional.

b) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, e esta ou este ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 30 % adicional.

c) Cando a vítima teña ao seu cargo dúas ou máis fillas ou fillos menores ou dúas ou dous menores ou máis en acollida, ata un 40 % adicional.

d) Cando a vítima teña ao seu cargo dúas ou máis fillas ou dous ou máis fillos menores ou dúas ou dous menores ou máis en acollida, e algunha delas ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 50 % adicional.

e) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, e esta ou este ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 65 % ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ata un 50 % adicional.

2ª) No caso de que os ingresos da solicitante sexan superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, a contía mínima será do 75 % do SMI, e poderá ser incrementada cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, ou unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 20 % adicional.

b) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, e esta ou este ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 30 % adicional.

c) Cando a vítima teña ao seu cargo dúas ou máis fillas ou dous ou máis fillos menores ou dúas ou dous menores ou máis en acollida, ata un 40 % adicional.

d) Cando a vítima teña ao seu cargo dúas ou máis fillas ou dous ou máis fillos menores ou dúas ou dous menores ou máis en acollida, e algunha delas ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, ata un 50 % adicional.

e) Cando a vítima teña ao seu cargo unha filla ou fillo menor ou unha ou un menor en acollida, e esta ou este ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou superior ao 65 % ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ata un 50 % adicional.

3ª) En ningún caso se considerarán a cargo as menores ou os menores emancipados e/ou con ingresos mensuais brutos superiores ao IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 4.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº5, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 4."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº8, ao apartado 1, de Modificación.

Modificar no punto 1 do artigo 4 o seguinte contido:
Onde di: "...beneficiaria..." debe dicir: "...persoa beneficiaria..."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 2, de Modificación.

Modificar o punto 2 do artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A contía de prestación será variable e calcularase en función das rendas e ingresos da persoa solicitante na data de presentación da solicitude desta axuda."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición.

Engadir un novo parágrafo no punto 2 do artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:

"No caso de que varias das vítimas convivan ou conformen un mesmo núcleo familiar, terase en conta para definir a contía das achegas que lle corresponde a cada vítima o percibido por todo o conxunto, ata alcanzar un tope regulamentado que se determinará en función da situación económica e académica delas, así como o feito de contar con algunha discapacidade."

RETIRADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 2.1, de Supresión.

Suprimir a aliña 1ª) do punto 2 do artigo 4.

RETIRADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado 2.2, de Supresión.

Suprimir a aliña 2ª) do punto 2 do artigo 4.

RETIRADA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado 2.3, de Supresión.

Suprimir a aliña 3ª) do punto 2 do artigo 4.

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 5. *Solicitudes e documentación*

1. A Administración pública galega, a través do órgano competente en materia de igualdade, habilitará os modelos e ditará as normas regulamentarias necesarias para habilitar o prazo de presentación de solicitudes e a instrución e resolución dos procedementos.

2. En todo caso, o prazo estará habilitado durante todo o ano, e a resolución terá efectos desde a data da presentación da solicitude.

3. O prazo máximo para resolver será dun mes, e, no caso de non existir resolución expresa, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo.

4. A tramitación dos expedientes realizarase de xeito preferente por vía electrónica, e os informes doutras administracións que sexan precisos requiriranse de oficio e por vía telemática.

Consonte o disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa estea en poder da Administración actuante, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

5. A acreditación da condición de vítima de violencia de xénero derivada de convivencia efectuarase por calquera dos seguintes medios:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

d) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

e) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

6. A acreditación da situación económica e social efectuarase por medio da documentación que conste en poder das administracións tributarias ou dos servizos sociais correspondentes, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

7. Os datos persoais que consten na solicitude e na documentación que se incorpore ao expediente terán como finalidade exclusiva a xestión e tramitación do expediente correspondente. Non serán obxecto de cesión a terceiras persoas, agás no caso de autoridades e organismos públicos competentes co obxecto de comprobacións relativas ao expediente ou para incorporar a outros, co previo requirimento de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Así mesmo, o órgano competente en materia de igualdade velará polos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento e adoptará as medidas necesarias para cumprir co disposto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 5.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº6, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 5."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 5.b), de Modificación.

Modificar a aliña b) do punto 5 do artigo 5, que quedará redactada co seguinte contido:

"b) Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que esa persoa sufriu violencia de xénero en calquera das modalidades definidas na lei."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 5.d), de Supresión.

Suprimir na aliña d) do punto 5 do artigo 5 o seguinte contido:
Suprimir: "...en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 5.e), de Supresión.

Suprimir na aliña e) do punto 5 do artigo 5 o seguinte contido:
Suprimir: "...en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 5.e) bis), de Adición.

Engadir unha nova aliña e bis) no punto 5 do artigo 5, que quedará redactada co seguinte contido:
"e bis) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, de seren precisos."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 5.e) ter), de Adición.

Engadir unha aliña e ter) no punto 5 do artigo 5, que quedará redactada co seguinte contido:
"5 ter) Informe da Fiscalía de Menores ou do centro de protección, no caso de orfandade consecuencia da violencia de xénero."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 7 bis), de Adición.

Engadir un novo punto 7 bis no artigo 5, que quedará redactado co seguinte contido:
"7 bis. Cando se trate de vítimas de trata de persoas para explotación sexual, habilitarase o procedemento administrativo necesario para poder acceder, de forma inmediata, a estas achegas unha vez acreditada a dita situación polas forzas e corpos de seguridade do Estado, autoridade xudicial, servizos sociais de calquera administración ou ONG acreditadas para traballar nese campo."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 6. *Obrigas das beneficiarias*

1. As beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento das obrigas que se exixan regulamentariamente, así como ás actuacións de comprobación que acorde o órgano competente en materia de igualdade e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. Ademais, as beneficiarias quedan obrigadas a comunicarlle ao órgano concedente calquera cambio das circunstancias que xustificaron a concesión da axuda e, en todo caso, a actualizar e remitirle, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, as declaracións responsables periódicas que acreditan a non variación das ditas circunstancias.

3. De xeito específico, as beneficiarias estarán obrigadas a asumir a participación nos programas de formación, busca activa e mellora de emprego, e calquera outro que determine o órgano competente en materia de igualdade en colaboración con outras administracións ou entidades.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 6.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº7, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 6."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, de Modificación.

Modificar o nome do título do artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 6. *Obriga das persoas beneficiarias*"

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 1, de Modificación.

Modificar no punto 1 do artigo 6, o seguinte contido:
Onde di: "1. As beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento..." debe dicir: "1. As persoas beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento..."

DECAIDA

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición.

Débase engadir in fine no apartado 1 o seguinte texto:

"De existir algunha problemática por causa social ou por motivos de saúde que impida a dita participación, deberá ser xustificada mediante informe dos servizos sociais."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación.

Modificar no punto 2 do artigo 6 o seguinte contido:
Onde di: "2. Ademais, as beneficiarias quedan obrigadas..." debe dicir: "2. Ademais, as persoas beneficiarias quedan obrigadas..."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado 3, de Modificación.

Modificar no punto 3 do artigo 6 o seguinte contido:
Onde di: "3. De xeito específico, as beneficiarias estarán obrigadas..." debe dicir: "3. De xeito específico, as persoas beneficiarias estarán obrigadas..."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 7. *Pagamento, modificación e reintegro da prestación social*

1. O pagamento da prestación social será efectuado de forma periódica por mensualidades vencidas, dentro do mes seguinte ao da data de resolución. No primeiro pagamento aboaranse, ademais, os atrasos que, de ser o caso, lle correspondan segundo as mensualidades que transcorresen desde a data de solicitude ou da estimación por silencio administrativo.

2. O pagamento da prestación social regulada nesta lei farase unicamente na conta bancaria que as solicitantes fixesen constar na solicitude, que terán a obriga de manter activa durante todo o período da concesión.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 7.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº8, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 7."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 1, de Adición.

Engadir ao final do punto 1 do artigo 7 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...compensando a diferenza no importe das achegas cando nese tempo se recibise algunha outra achega de inferior contía."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 2 bis), de Adición.

Engadir un novo punto 2 bis no artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. A Administración autonómica habilitará algunha outra forma de pagamento cando a persoa vítima non poida dispoñer dunha conta bancaria."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 8. *Modificación, suspensión e reintegro da prestación social*

1. O órgano competente en materia de igualdade, durante o período de pagamento da prestación, poderá comprobar que non se producen variacións das circunstancias da concesión, que se cumpren as obrigas establecidas e, en todo caso, que a beneficiaria non reinicia a convivencia co agresor ou solicita deixar sen efecto as medidas de protección que tiver vixentes. Para estes efectos, poderá recoller tanta información xulgue necesaria, a través do Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP) ou dos informes dos servizos sociais da Administración local ou galega.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación ou suspensión da resolución da concesión.

3. Así mesmo, o órgano competente en materia de igualdade poderá iniciar un procedemento de revisión no momento en que teña constancia, quer a través das actuacións realizadas de oficio quer a través dos medios de comprobación previstos legal ou regulamentariamente, de que variaron as circunstancias da concesión. A apertura deste procedemento só poderá establecer a suspensión provisional dos pagamentos ata que se dite resolución definitiva de modificación ou de suspensión da concesión, por resolución motivada, notificada expresamente á beneficiaria e onde consten indicios racionais suficientes para considerar modificadas as circunstancias iniciais da concesión. No caso de se desbotar na resolución definitiva a modificación, reiniciaranse de inmediato os pagamentos pendentes, co aboamento dos suspendidos provisionalmente.

4. No caso de que durante a percepción da prestación social o órgano competente en materia de igualdade tiver constancia de que a beneficiaria reiniciou a convivencia co agresor, ou de que a beneficiaria solicitou deixar sen efecto as medidas de protección que tiver vixentes, procederá resolver a suspensión definitiva da prestación.

5. Poderá manterse a prestación aínda no caso de traslado fóra do territorio de Galicia, cando estea xustificado por motivos de seguridade derivados da situación de violencia de xénero, sempre que se xustifique esta circunstancia a través dun

informe, dos servizos de acollida ou dos servizos sociais, da Administración pública galega ou local.

6. No suposto de que durante a percepción da axuda se produza un incremento de ingresos e, como consecuencia, se superen os límites de referencia tidos en conta para o seu cálculo inicial, procederase á modificación da concesión polo período restante da axuda, minorándose o seu importe para a súa regularización.

7. O órgano competente en materia de igualdade poderá proceder á apertura do expediente declarativo de reintegro, total ou parcial, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución.
- b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou falseando ou ocultando feitos ou datos que impedisen a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 8.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº9, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 8."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación.

Modificar no punto 1 do artigo 8 o seguinte contido:
Onde di: "...establecidas e, en todo caso, que a beneficiaria non reinicia a convivencia..." debe dicir: "...establecidas e, en todo caso, que a muller vítima non reinicia a convivencia..."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado 3, de Modificación.

Modificar no punto 3 do artigo 8 o seguinte contido:
Onde di: "...resolución motivada, notificada expresamente á beneficiaria e onde consten indicios..." debe dicir: "...resolución



motivada, notificada expresamente á persoa ou persoas beneficiarias..."

DECAIDA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado 4, de Modificación.

Modificar no punto 4 do artigo 8 o seguinte contido:
Onde di: "...en materia de igualdade tiver constancia de que a beneficiaria reiniciou a convivencia co agresor,..." debe dicir:
"...en materia de igualdade tiver constancia de que a muller vítima reiniciou a convivencia co agresor,..."

TEXTO DO PROXECTO:

Artigo 9. *Financiamento*

1. Os orzamentos da Comunidade Autónoma consignarán anualmente os créditos necesarios, dentro das partidas correspondentes ao órgano competente en materia de igualdade, para a concesión da prestación social regulada nesta lei.

2. No caso de se prorrogaren os orzamentos, os ditos créditos consideraranse prorrogados automaticamente, na contía inicial prevista para o ano do último orzamento aprobado.

3. Os créditos destinados a aboar a prestación social regulada nesta lei consideraranse ampliables. A consellaría competente en materia de facenda estará facultada para dotar as ampliacións que foren necesarias para atender as solicitudes, e deberá autorizar as disposicións necesarias para asegurar a dispoñibilidade de recursos que garantan a atención de todas as solicitudes de prestación que reúnan os requisitos legais e regulamentarios.

INFORME DA PONENCIA:

Artigo 9.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº10, de Supresión.

"Débese suprimir o artigo 9."

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadir un novo punto 3 bis no artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Os bens incautados aos tratantes de mulleres e menores e aos proxenetas procedentes da explotación sexual das persoas deberanse destinar ao coidado e rehabilitación das vítimas."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición adicional primeira .

1. A prestación social regulada nesta lei non terá a consideración de subvención ou axuda pública sometida a criterios de concorrencia ou dispoñibilidade orzamentaria, nos termos da normativa xeral de subvencións. O seu réxime xurídico será o previsto nesta lei e na normativa que a desenvolva regulamentariamente.

2. Non obstante, será aplicable, de xeito supletorio e en todo o non previsto na dita regulación específica, respecto dos requisitos formais e procedementos de comprobación e reintegro, o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición adicional primeira .
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº11, de Supresión.

"Débese suprimir a disposición adicional primeira."

**TEXTO DO PROXECTO:**

Disposición adicional segunda.
O departamento competente en materia de igualdade remitirá ao Parlamento galego un informe bienal sobre a aplicación desta lei.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición adicional segunda.
(Sen contido).

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº12, de Supresión.

"Débese suprimir a disposición adicional segunda."

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derogatoria única.
Fican derogadas cantas disposicións se opoñan ao disposto
nesta lei.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición derogatoria única. **Derogación normativa**
Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou
inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Disposición derradeira primeira .

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia e o órgano competente en materia de igualdade para ditaren as disposicións regulamentarias e as instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta lei.

2. En todo caso, no prazo máximo de tres meses deberán estar publicadas e en vigor as normas de desenvolvemento regulamentario indispensables para ser plenamente aplicable esta lei.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición derradeira primeira . **Habilitación normativa**

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia e o órgano competente en materia de igualdade para ditaren as disposicións regulamentarias e as instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta lei.

2. En todo caso, as novas bases reguladoras da prestación económica de carácter periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero deberán estar en vigor para o exercicio orzamentario do ano 2017.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2, de Substitución.

"Débese substituír o apartado 2 da Disposición derradeira primeira polo que segue a continuación:

"2. En todo caso, as novas bases reguladoras da prestación económica de carácter periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero deberán estar en vigor para o exercicio orzamentario do ano 2017."

**TEXTO DO PROXECTO:**

Disposición derradeira segunda .
Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORME DA PONENCIA:

Disposición derradeira segunda . **Entrada en vigor**
Esta **lei** entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

EMENDAS PRESENTADAS:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

TEXTO DO PROXECTO:

Exposición de motivos.

O feminicidio é o asasinato das mulleres polo feito de seren mulleres. Esta realidade habita na nosa sociedade aínda que existan medidas sociais e legais que buscan a súa erradicación. Nas últimas décadas, a violencia machista, grazas ao constante traballo dos movementos de mulleres, deixou de ser un asunto invisible e naturalizado do ámbito do fogar para pasar a formar parte da axenda política das administracións.

Nacións Unidas reconece a «violencia contra as mulleres» como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, de feito, impide o adianto pleno das mulleres, sendo a violencia un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación. Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación en Galicia, temos a obriga de establecer os mecanismos legais e sociais que propicien un cambio real nas relacións de poder asimétricas entre homes e mulleres. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, foi unha aposta nesta dirección.

No referido ao tratamento integral da violencia, a lei regula no seu título II as accións que desde os poderes públicos deben realizarse para crear e desenvolver programas e servizos encamiñados á protección e asistencia fronte á violencia de xénero. Para isto, a lei garante ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral. Mais todas as medidas non son suficientes se as mulleres carecen dos recursos precisos para iniciaren unha nova vida afastada dos seus agresores. De feito, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece, no seu artigo 39, a habilitación á Xunta de Galicia para establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero.

En desenvolvemento da dita previsión, con carácter anual convócanse axudas individuais de carácter periódico para as mulleres vítimas da violencia machista. Esta configuración legal deixa nas mans do correspondente Executivo a decisión da súa convocatoria, así como a dotación orzamentaria, e condiciona a súa tramitación e outorgamento á normativa xeral de subvencións.

Porén, a experiencia adquirida –2.900 mulleres galegas levan gozado desta axuda–, así como a persistencia do fenómeno da violencia machista, aconsellan unha mudanza nese

procedemento, de xeito que as axudas para as vítimas da violencia de xénero se configuren como prestacións sociais directas, non como axudas finalistas asimiladas a outras axudas públicas. Con iso evitaríase que fiquen condicionadas a convocatorias anuais e subordinadas ás dispoñibilidades orzamentarias e garantiríase, por outra banda, unha tramitación máis áxil e eficaz, eliminando así situacións de desprotección como as que acontecen co réxime actual.

Esta lei regula un réxime específico para as prestacións, regulando o recoñecemento do dereito unha vez que se acredita a situación de vítima de violencia de xénero, o que habilita inmediatamente para o acceso ás axudas. Establécese unha relación directa entre a constatación e declaración como vítima e o dereito á prestación pública, facilitando así tanto o labor da Administración para atender con rapidez situacións de emerxencia social en contornos de violencia de xénero como asegurando un mínimo de renda, un salario básico, para que moitas mulleres vítimas poidan tamén atinxir unha independencia económica respecto do seu agresor que facilite rachar coa situación de violencia e exercer a súa liberdade.

INFORME DA PONENCIA:

Exposición de motivos.

Nacións Unidas recoñece a violencia contra as mulleres como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, de feito, impide o adianto pleno das mulleres, sendo a violencia un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación. Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación, en Galicia temos a obriga de establecer os mecanismos legais e sociais que propicien un cambio real nas relacións de poder asimétricas entre homes e mulleres. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi unha aposta nesta dirección.

No referido ao tratamento integral da violencia, a lei regula no seu título II as accións que desde os poderes públicos se deben realizar para crear e desenvolver programas e servizos encamiñados á protección e asistencia fronte á violencia de xénero. Para isto, a lei garántelles ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral. Mais todas as medidas non son suficientes se as mulleres carecen dos recursos precisos para iniciar una nova vida afastada dos seus agresores. De feito, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,



establece, no seu artigo 39, a habilitación á Xunta de Galicia para lles establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero.

En desenvolvemento da dita previsión, con carácter anual convócanse axudas individuais de carácter periódico para as mulleres vítimas da violencia machista. Porén, a experiencia así como a persistencia da lacra da violencia machista aconsellan unha mudanza nese procedemento, de xeito que a axuda periódica para as vítimas da violencia de xénero se configure como un procedemento cun prazo de solicitude aberto durante todo o ano.

Asemade, resulta aconsellable estender esta axuda a aquelas mulleres e nenas que resulten vítimas do delito de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, tipificado desde o ano 2010 no Código penal español.

A trata de seres humanos é, sen dúbida, a escravitude do noso tempo e, lamentablemente, unha realidade en Europa e no noso país. Esta supón unha profunda violación dos dereitos humanos, da dignidade e da liberdade da persoa e constitúe unha forma de delincuencia grave, que na maioría das ocasións implica organizacións delituosas ás que proporciona importantes beneficios baseados na utilización das persoas con distintos fins de explotación.

Ademais, os informes emitidos polas distintas organizacións internacionais que traballan no ámbito da loita contra a trata de seres humanos (a Organización Internacional do Traballo, a Oficina contra a Droga e o Delito de Nacións Unidas, a Unión Europea, etc.) recollen datos que poñen de manifesto unha realidade ineludible: a trata de persoas é un crime que non é neutral en termos de xénero, e a trata de seres humanos afecta as mulleres de xeito desproporcionado, non só por elas rexistraren a maior parte das vítimas, senón porque as formas de explotación ás que son sometidas adoitan ser máis severas, especialmente a trata con fins de explotación sexual.

Por todo isto, faise aconsellable modificar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en dous sentidos: en primeiro lugar, retocando o artigo 3, para establecer como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e coa dos documentos internacionais, e, en segundo lugar, modificando o artigo 39, para garantir a incorporación das vítimas desta forma de violencia de xénero como beneficiarias da axuda periódica, así como

para establecer o prazo permanentemente aberto da solicitude dela.

Esta lei efectúa, mediante un artigo único, as oportunas modificacións nos artigos 3 e 39 e mais na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. E, ademais, inclúe unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

EMENDAS PRESENTADAS:

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº14, de Substitución.

Debese substituír o actual texto da exposición de motivos polo que segue a continuación:

"Nacións Unidas reconece a violencia contra as mulleres como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, de feito, impide o adianto pleno das mulleres, sendo a violencia un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación. Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación, en Galicia temos a obriga de establecer os mecanismos legais e sociais que propicien un cambio real nas relacións de poder asimétricas entre homes e mulleres. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi unha aposta nesta dirección.

No referido ao tratamento integral da violencia, a lei regula no seu título II as accións que desde os poderes públicos deben realizarse para crear e desenvolver programas e servizos encamiñados á protección e asistencia fronte á violencia de xénero. Para isto, a lei garante ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral. Mais todas as medidas non son suficientes se as mulleres carecen dos recursos precisos para iniciar una nova vida afastada dos seus agresores. De feito, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece, no seu artigo 39, a habilitación á Xunta de Galicia para establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero.

En desenvolvemento da dita previsión, con carácter anual convócanse axudas individuais de carácter periódico para as mulleres vítimas da violencia machista. Porén, a experiencia, así como a persistencia da lacra da violencia machista, aconsellan unha mudanza nese procedemento, de xeito que a axuda periódica para as vítimas da violencia de xénero se

configure como un procedemento cun prazo de solicitude aberto durante todo o ano.

Asemade, resulta aconsellable estender esta axuda a aquelas mulleres e nenas que resulten vítimas do delito de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, tipificado desde o ano 2010 no Código penal español.

A trata de seres humanos é, sen dúbida, a escravitude do noso tempo e, lamentablemente, unha realidade en Europa e no noso país. Supón unha profunda violación dos dereitos humanos, da dignidade e da liberdade da persoa e constitúe unha forma de delincuencia grave, que na maioría das ocasións implica organizacións delituosas ás que proporciona importantes beneficios baseados na utilización das persoas con distintos fins de explotación.

Ademais, os informes emitidos polas distintas organizacións internacionais que traballan no ámbito da loita contra a trata de seres humanos (OIT, Oficina contra a Droga e o Delito de NNUU, Unión Europea, etc.) recollen datos que poñen de manifesto unha realidade ineludible: a trata de persoas é un crime que non é neutral en termos de xénero e a trata de seres humanos afecta as mulleres de xeito desproporcionado, non só por rexistrar a maior parte das vítimas, senón porque as formas de explotación ás que son sometidas adoitan ser máis severas, especialmente a trata con fins de explotación sexual.

Por todo isto, faise aconsellable modificar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en dous sentidos: en primeiro lugar, retocando o artigo 3 para establecer como forma de violencia de xénero a definición de trata de seres humanos con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e coa dos documentos internacionais, e, en segundo lugar, modificando o artigo 39 para garantir a incorporación das vítimas desta forma de violencia de xénero como beneficiarias da axudas periódica así como para establecer o prazo permanentemente aberto da solicitude dela.

Esta lei efectúa, mediante un artigo único, as oportunas modificacións nos artigos 3 e 39 e na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Inclúe, ademais, unha disposición derogatoria e dúas derradeiras."

PENDENTE

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Substitución.

Débase substituír o texto da exposición de motivos polo seguinte:

“A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, establece un marco normativo para poder desenvolver os mecanismos legais e sociais que propicien un cambio real nas relacións de poder asimétricas entre homes e mulleres. No referido ao tratamento integral da violencia, a lei regula no seu título II as accións que desde os poderes públicos deben realizarse para crear e desenvolver programas e servizos encamiñados á protección e asistencia fronte á violencia de xénero. Para isto, a lei garante ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral. Mais todas as medidas non son suficientes se as mulleres carecen dos recursos precisos para iniciar una nova vida afastada dos seus agresores. De feito, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece, no seu artigo 39, a habilitación á Xunta de Galicia para establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Considérase agora necesario que esta prestación, coñecida como salario da liberdade, garanta que toda muller poida realizar a súa solicitude en calquera momento do ano e esta lle sexa resolta no prazo correspondente.

Asemade, ante o crecente problema da trata internacional de mulleres e nenas, considérase necesario modificar o concepto de “tráfico de mulleres e nenas” recollido no artigo 3 da lei actual para adaptalo ao Protocolo de Palermo e falar en termos de “trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual”. Dado que esta forma de violencia de xénero implica unhas necesidades específicas, tamén debe prever un recoñecemento especial nas medidas habilitadas. Neste sentido, este texto recolle un recoñecemento do dereito das mulleres vítimas de trata a unha prestación económica que lles permita saír da situación de vulnerabilidade, coacción ou engano a que foron sometidas.”

REXEITAD.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Modificación.

Modificar no último parágrafo da exposición de motivos, o seguinte contido.

Onde di: "...salario básico, para que moitas mulleres vítimas poidan tamén atinxir..." debe dicir: "...salario básico, para que moitas persoas vítimas poidan tamén atinxir..."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, de Adición.

Engadir no quinto parágrafo (na quinta liña) da exposición de motivos, o seguinte contido:

Despois de: "...a outras axudas públicas." débese engadir: "..., e abarcando todas as persoas consideradas como vítimas desa violencia de xénero."

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, de Adición.

Engadir ao final do parágrafo quinto da exposición de motivos, o seguinte contido:

Engadir in fine: "..., e non excluírían ningunha das vítimas."

**CLASIFICACIÓN DAS EMENDAS AO PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE
CREA E REGULA UNHA PRESTACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER
PERIÓDICO PARA AS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

**PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE CREA E REGULA UNHA
PRESTACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER PERIÓDICO PARA AS
MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº1, de Substitución.

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Substitución.

ARTIGO 1

TRANSACC. -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº2, de Substitución.

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación.

ARTIGO 1 BIS)

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Adición.

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Adición.

ARTIGO 1 TER)

RETIRADA -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, de Adición.

ARTIGO 1 QUATER)

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Adición.

ARTIGO 1 QUINTUS)

TRANSACC. -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Adición.

ARTIGO 2

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº3, de Supresión.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 1.a), de Modificación.

PENDENTE -Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado 1.b), de Substitución.

PENDENTE -Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº2, ao apartado 1.c), de Supresión.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 1.c), de Modificación.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 1.d), de Adición.

ARTIGO 3

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.

Emenda nº4, de Supresión.

- PENDENTE** -Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº3, de Substitución.
- RETIRADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 1, de Supresión.

ARTIGO 4

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº5, de Supresión.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, ao apartado 1, de Modificación.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 2, de Modificación.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición.
- RETIRADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 2.1, de Supresión.
- RETIRADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado 2.2, de Supresión.
- RETIRADA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado 2.3, de Supresión.

ARTIGO 5

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº6, de Supresión.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 5.b), de Modificación.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 5.d), de Supresión.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 5.e), de Supresión.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 5.e) bis), de Adición.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 5.e) ter), de Adición.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 7 bis), de Adición.

ARTIGO 6

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº7, de Supresión.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, de Modificación.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 1, de Modificación.

DECAIDA -Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado 3, de Modificación.

ARTIGO 7

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº8, de Supresión.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 1, de Adición.

DECAIDA -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 2 bis), de Adición.

ARTIGO 8

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº9, de Supresión.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado 3, de Modificación.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado 4, de Modificación.

ARTIGO 9

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº10, de Supresión.
- DECAIDA** -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 3 bis), de Adición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº11, de Supresión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

- ACEPTADA** -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº12, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

- Non se presentaron emendas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2, de Substitución.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

- Non se presentaron emendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ACEPTADA -Do G.P. Popular de Galicia.
Emenda nº14, de Substitución.

PENDENTE -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Substitución.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Modificación.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, de Adición.

REXEITAD. -Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, de Adición.